

Compostela, 2 - I - 74

Benquerido Luis:

Acabamos de nos enterar do falecemento da tinea
nai. Como sabemos por propia experiencia o que esa perda significa,
comprendemos ben a vosa mágoa. E sabemos tamén que non hai palabras
para podela curar. En realidade só o paso do tempo, ao converter a
presencia en lembranza, pode crear a necesaria serenidade para aceptar o
feito. Entretanto, tedes que pensar que polo menos pasou pola vida coa
profunda satisfacción de sentir realizado o seu destino personal; e que puido
disfrutar a felicidade de ver aos seus fillos ben asentados na vida. Ben
seguro que ela non arrelaba outra cousa que lle poidera proporcionar maior feli-
cidade que esa.

Nestas horas penosas queremos desiros que com-
partimos moi sinceramente a vosa mágoa. De Todo corazón vos desexamos
serenidade para aceptar intimamente tal tremenda perda.

Fraternalmente vosos

H
Isabel

Ramón